# ACTA MESA CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN Á XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E PARA A XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO EN PERÍODO VOLUNTARIO E EN PERÍODO EXECUTIVO. NOVA LICITACIÓN DOUE. EXP. REF. 40-2017. LECTURA INFORMES TÉCNICOS-APERTURA SOBRE C). PROPOSTA ADXUDICACIÓN. --**

Sendo as 13:00 horas do día 14 de novembro de 2018, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por don X. Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica.
- don Francisco Rivera Iglesias, Interventor accidental.
- dona María Aranzazu Sastre Carracedo Tesoureira municipal.
- e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnica do Servizo de Contratación.

Asiste ao acto ademais:
- don Eduardo Lojo López en representación da licitadora COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A.
- dona Nuría Caínzos Morandeira e don José Carlos Losada Campa en representación da licitadora GESTIÓN DE TRIBUTOS TERRITORIAL, SAU.
- e dona Mónica Vieiro Santos Delegada de persoal da CIGA.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria a dar lectura dos informes técnicos solicitados pola mesa de contratación relativo ás *Melloras Técnicas* emitido pola Tesoureira municipal e polos técnicos dos Servizos de Intervención e Contratación respecto da *Calidade no Emprego*, do teor literal seguinte:

<<

“ **TESOURERÍA MUNICIPAL.**

**INFORME TÉCNICO SOBRE A VALORACIÓN DOS CRITERIOS NON AVALIABLES ECONÓMICAMENTE DAS OFERTAS PRESENTADAS POLOS LICITADORES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E DA XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO.**

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 7/85, de 02 de abril, de Bases de Réxime Local.

- Real-Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

- Real Decreto-Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Real Decreto-Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

- Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación.

- Prego de Cláusulas Administrativas particulares e de Prescripcións Técnicas que rexerá a citada contratación administrativa.

**ANTECEDENTES.**

- Acordo 16/753 da Xunta de Goberno Local de 29 de novembro de 2017 polo que se aproba a CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN Á XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E PARA A XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO EN PERÍODO VOLUNTARIO E EN PERÍODO EXECUTIVO e os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

- Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 12 de abril de 2018.

- Documentación presentada por GESTIÓN DE TRIBUTOS TERRITORIAL SAU, COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS SA e AL CONSULTORÍA CONSULTORIA SA.

- Providencias de data 30 de abril de 2018 aos servizos de Sancións e Informática do Concello de Lugo.

- Informe do Xefe da Policía Local de data 25 de maio de 2018.

Por parte do Servizo de Informática procédese a analizar conxuntamente coa Tesourería as ofertas presentadas de forma presencial.

En base ao reflectido nas ofertas e á súa comparativa en función dos criterios do prego teño a ben emitir o seguinte

**INFORME.**

**PRIMEIRO.-** Os criterios a valorar no presente informe son os non avaliables automáticamente recollidos nos apartados 12.2.3 e 12.2.4 do prego de cláusulas administrativas particulares:

*"12.2.3 - MELLORAS NON PREVISTAS EXPRESAMENTE NESTE PREGO, QUE PERMITAN UNHA ÓPTIMA CALIDADE DA PRESTACIÓN DA XESTIÓN RECADATORIA. ATA 5 PUNTOS: detallado como se indica a continuación:*

*As melloras, sen custo para o Concello, deberán estar avaliadas economicamente polos licitadores. Valoraranse unicamente aquelas melloras, que se citan a continuación e que supoñan avances reais na prestación e economía do servizo. Ademais, todas as melloras ofertadas deberán ser demostrables, a requirimento do Excmo. Concello en calquera momento anterior á adxudicación do contrato.*

*a) Ata 2,5 puntos, capacidade da empresa ofertante en aportar solucións e servizos de comunicación con contribuíntes e terceiros (pagamentos e información a través de internet, impresión de documentos bilingües...) e calquera outra que redunde na maior eficacia da prestación dos servizos.*

*b) Ata 2,5 puntos, calquera outra medida que incida directamente na prestación ou na xestión dos servizos obxecto da contratación.*



CSV: qRI57sRPV4qNaokSmfhZBQ==
PAXINA: 2 / 26
SINATURAS | DATAS(UTC)
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL - SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO 15/11/2018 11:41:37
XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION 15/11/2018 11:41:37

*12.2.4.- Pola REDACCIÓN DUNHA MEMORIA DOCUMENTO. ATA 2 PUNTOS: na que se poña de manifesto os traballos realizados noutros concellos de análogas características nos últimos catro anos, indicando a porcentaxe de recadación por conceptos que indiquen o grao de eficacia recadatoria, así como as actuacións concretas levadas a cabo.*

*Así mesmo, propoñerase unha estrutura organizativa para a xestión das oficinas de recadación executiva recollidas neste prego indicando as tarefas encomendadas a cada traballador e o xeito de coordinación, obtención de datos, actuacións para realizar...*

*Valorarase a adecuada repartición das tarefas entre os traballadores de cada unha das dúas oficinas que permita a identificación e responsabilidade do traballo para desenvolver por cada un deles, así como dos expedientes encomendados a eles.*

*Ademais, valorarase a sistematización da propia memoria, a claridade de presentación, a encomenda específica no seguimento das prescricións para evitar que ningún recibo ou liquidación prescriba, e calquera outra directamente relacionada coa materia.*

*A puntuación máxima neste apartado é de 2 puntos".*

**SEGUNDO.-** Na valoración a efectuar non se ten en conta a valoración económica que fan as empresas das distintas melloras que presentan porque non se ten información do método de cálculo utilizado por cada licitador, correspondendo moitos deles a prezos de servizos e de sofware desenvolvido polas propias empresas.

**TERCEIRO.-** As ofertas presentadas polos licitadores para o apartado 12.2.3. son, resumidas, as seguintes, de acordo cos distintos apartados do prego:

**a) Ata 2,5 puntos, capacidade da empresa ofertante en aportar solucións e servizos de comunicación con contribuíntes e terceiros (pagamentos e información a través de internet, impresión de documentos bilingües...) e calquera outra que redunde na maior eficacia da prestación dos servizos.**

**· GTT SAU: Oferta as seguintes melloras:**

1.- COMUNICACIÓN CON OBRIGADOS AO PAGO: Oferta comunicación por correo electrónico, por SMS, por correspondencia, e por fax, valorada en 13.440,00 euros.

2.- PAGOS ELECTRÓNICOS: Oferta integración para o pago telemático a través de red.es; pasarela de pagos con Abanca, Caixabank, BBVA, Ibercaja, e Bankia; pago a través da Oficina Virtual Tributaria; TPV virtual; a través de enlaces en la OVT a páxinas web das Entidades Colaboradoras na recadación; e con dispositivos móbiles (esta última en desenvolvemento).

Valórase esta mellora en 40.640,00 euros.

3.- LINGUA VEHICULAR: Oferta documentos bilingües; rotulación bilingüe/en galego; atención ao público bilingüe; persoal do Centro de Atención Telemática bilingüe e en outros idiomas; e trámites electrónicos na OVT en varios idiomas.

Valórase esta mellora en 38.800,00 euros.

4.- ATENCIÓN A 3º: Oferta atención presencial con posibilidade de cita previa; atención telefónica; punto de acceso a internet a través de quiosco multimedia (con posibilidade de efectuar pagos) e/ou iPad; horario ininterrompido (8-18 e 8-15 os venres); Centro de Atención Telemática; e OVT.

Valóranse estas melloras en 274.708,00 euros.

5.- CERTIFICACIÓNS ISO: Posúen os certificados ISO 9001, ISO 14001 e ISO 270001, valorados en 100.085,00 euros.

6.- WIFI GRATUÍTA: Valorada en 1.320,00 euros.



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: qRI57sRPV4qNaokSmfhZBQ== PAXINA: 3 / 26

SINATURAS DATAS(UTC)
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL - SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO 15/11/2018 11:41:37
XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION 15/11/2018 11:41:37

7.- SERVIZO PROPIO DE NOTIFICACIÓNS PRESENCIAL: 3 notificadores e plataforma propia para o envío de sms/correo electrónico. Valórase en 406.452,00 euros.

8.- VISOR FOTO VERMELLO: pendente de requisitos técnicos, valorada en 9.900,00 euros.

9.- TRADUCCIÓN A IDIOMAS FÓRA DO TERRITORIO NACIONAL: (OBRIGATORIO), valorada en 300,00 euros.

· **CGI SA: Oferta as seguintes melloras:**

1.- CARPETA CIDADÁ 2.0 TAO DE T-SYSTEMS: Oficina Virtual Tributaria con acceso a expedientes, datos e información tributaria, expedición de documentos electrónicos, realización de trámites tributarios.

PAGOS ELECTRÓNICOS (integrados na carpeta cidadá): Oferta pago a través da Oficina Virtual Tributaria; pasarela de pagos coas Entidades bancarias coas que o Concello dispoña de acordos para a utilización da súa pasarela de pagos en modalidade web.

Valóranse as dúas melloras en 33.000,00 euros.

2.- CESIÓN FERRAMENTAS CGI INTEGRADAS NO SOFTWARE TAO DE T-SYSTEMS: Valórase en 25.000,00 euros.

3.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA, EXPEDIENTE ELECTRÓNICO E SINATURA ELECTRÓNICA NO ÁMBITO TRIBUTARIO: valórase en 104.500,00 euros.

4.- AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA INFORMÁTICA DO CONCELLO: adquisición dun servidor de aplicacións, equipos de conectividade, e ampliación de disco para a xestión documental, valorada en 10.000,00 euros.

· **AL CONSULTORÍA SA: Oferta as seguintes melloras:**

1.- OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA: acceso a información tributaria, xestión de datos, realización de trámites sinxelos.

PAGOS ELECTRÓNICOS: implementación de TPV virtual, colaboración na integración coa pasarela de pagos red.es, pago a través de app móbil, pago en caixeiro tributario, pasarela de pagos.

Valóranse ambas melloras en 38.000,00 euros.

2.- APP MIS TRIBUTOS: información tributaria, atención persoalizada, xestións tributarias, consulta de expedientes, pago de tributos, notificacións electrónicas.

Valorada en 29.500,00 euros.

3.- SMS TRIBUTARIOS: sistema de avisos tributarios mediante envío de SMS e correo electrónico, con posibilidade de domiciliación de pagos, pago de débedas, comunicacións institucionais...

Valórase en 15.000,00 euros.

4.- CENTRO DE ATENCIÓN AO CONTRIBUÍNTE: información, xestións tributarias, resolución de incidencias, cita previa; servizo de atención telefónica.

Valórase en 33.915,00 euros.

5.- DOCUMENTOS BILINGÜES: de acordo co disposto no prego, persoal galegofalante con mínimo CELGA4 e cursos de galego administrativo, traducción a euskera e catalán.

6.- XESTOR DE COLAS: valorada en 9.500,00 euros.

**b) Ata 2,5 puntos, calquera outra medida que incida directamente na prestación ou na xestión dos servizos obxecto da contratación.**

· **GTT SAU: Oferta as seguintes melloras:**



CSV: qRI57sRPV4qNaokSmfhZBQ==
PAXINA: 4 / 26
SINATURAS | DATAS(UTC)
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL - SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO 15/11/2018 11:41:37
XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION 15/11/2018 11:41:37

1.- APP SIT-sanciona, valorada en 9.500,00 euros.

2.- PAGO DA REVISIÓN DOS SISTEMAS METROLÓXICOS DOS RADARES: valorada en 800,00 euros.

3.- CESIÓN DE USO DE SIT-gtt AO FINAL DO CONTRATO: Oferta a cesión das licencias de uso do sistema de recadación executiva e xestión de sancións de tráfico unha vez que finalizado o contrato, se asuma totalmente polo Concello dito servizo, valorándose en 182.635,00 euros.

4.- INTEGRACIÓN SIT-gtt: Oferta interoperabilidade coa DGT, ANCERT, DGC, AEAT, SEPE, INSS, TXSS, INE, RME, CORREOS, TEU, e TESTRA; en proxecto interoperabilidade con PORT@FIRMA, DATOS, APODERA, NOTARÍA, REPRESENTA, HABILIT@, ARCHIVE, NOTIFICA, DEH.

5.- CADRO DE MANDO PARA DISPOSITIVOS MÓBILES: valorado en 15.000,00 euros.

6.- BUSINESS INTELLIGENCE: con conexión directa á base de datos dos Concello para soporte á toma de decisións en base a información tributaria actualizada.

Valórase en 40.000,00 euros.

7.- SINATURA BIOMÉTRICA: tabletas, licencia e soporte, valorada en 17.940,00 euros.

8.- DIRECTOR DO PROXECTO: 30% de dedicación valorada en 18.257,63 euros.

9.- SERVIZOS CENTRAIS DE APOIO: inclúe mellora dos horarios de soporte en liña, valorada en 43.000,00 euros.

10.- SERVIZO DE DEPURACIÓN E REGULARIZACIÓN DE TITULARES DE BENS INMOBLES DESCOÑECIDOS: xestión en materia catastral ata a licitación do servizo, valorada en 75.000,00 euros.

11.- PATROCINIO DE XORNADAS EN MATERIA DE TRIBUTACIÓN LOCAL: valorado en 20.000,00 euros.

· **CGI SA: Oferta as seguintes melloras:**

1.- CESIÓN DAS LICENZAS DOS MÓDULOS TAO DE T-SYSTEMS DOS QUE NON SE DISPOÑA: O Concello xa dispón dos módulos de Multas e da DGT, polo que a valoración sería de 41.100,00 euros.

2.- CESIÓN LICENZAS DOS MÓDULOS DE MULTAS E PDA's MULTAS Á FINALIZACIÓN DO CONTRATO: Valórase en 30.800,00 euros.

3.- DEMOSTRACIÓN DAS SOLUCIÓNS ACHEGADAS: valórase en 4.450,00 euros.

4.- COMUNICACIÓNS VÍA SMS: valorada en 7.860,00 euros.

5.- FERRAMENTA DE XESTIÓN DE COLAS: valorada en 14.500,00 euros.

6.- TECNOLOXÍA EDITRAN: valórase en 10.000,00 euros.

7.- CESIÓN DO MODELO DE INDICADORES E CADRO DE MANDO: valorado en 15.000,00 euros.

8.- ELIMINACIÓN DA NECESIDADE DE TRASPASO DE INFORMACIÓN: debido á utilización do mesmo sistema de información do que xa dispón o Concello, valorada en 10.400,00 euros.

9.- ENGANCHE EN CINTO PARA A POLICÍA LOCAL: valorada nun máximo de 6.000,00 euros.

10.- CESIÓN DO MODELO EN eStima: se o Concello migra a súa aplicación tributaria de GT-Win a eStima, valorada en 36.000,00 euros.

· **AL CONSULTORÍA SA: Oferta as seguintes melloras:**

1.- GESSAN MOBILE: 10 dispositivos adicionais, valorada en 25.000,00 euros.



CSV: qRI57sRPV4qNaokSmfhZBQ== PAXINA: 5 / 26
SINATURAS DATAS(UTC)
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL - SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO 15/11/2018 11:41:37
XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION 15/11/2018 11:41:37

2.- SISTEMA GRAVACION DGT: módulo adicional a Gessan Mobile para gravación de datos na DGT.

Valorada en 9.000,00 euros.

3.- DISPOSITIVO MCAM: 5 unidades, valoradas en 72.500,00 euros.

4.- GESINF: hub de información para a validación masiva de denuncias con formato heteroxéneo.

Valórase en 18.000,00 euros.

5.- PORTAL SEGVIAL: aplicación web para visualización de infraccións polo interesado e pago por vía telemática.

Valórase en 10.000,00 euros.

6.- ALCOHOTEST: valorada en 6.000,00 euros.

7.- CADRO DE MANDOS XESTIÓN (ADHOC): ferramenta de optimización para establecer os indicadores de rendemento e ratios para acadar a máxima eficiencia e eficacia.

Valorada en 15.000,00 euros.

**CUARTO.-** De acordo coas ofertas presentadas para o apartado de melloras 12.2.3, a valoración efectúase para o primeiro grupo de melloras (solucións e servizos de comunicación e calquera outra que redunde na maior eficacia da prestación dos servizos) considerando cinco áreas e asignando a cada unha delas 0,5 puntos do total de 2,5 deste epígrafe: comunicación con terceiros, telemática, lingua vehicular, atención ao contribuínte, e solucións informáticas.

1.- Na parte de comunicación con terceiros considérase que o licitador que presenta a mellor oferta é GTT SAU, xa que ademáis de comunicación a través de SMS (ofertada tamén por AL CONSULTORÍA SA) e correo eletrónico (ofertada polos tres licitadores), ofrece comunicación por correo ordinario e fax. Igualmente, no que se refire ás notificacións, GTT SAU dispón de notificacións presenciais, así como electrónica (esta última ofertada tamén polos demáis licitadores). A maiores, AL CONSULTORÍA SA ofrece a opción de efectuar comunicacións institucionais. Polo tanto, outórganse os seguintes puntos:

GTT SAU: 0,5 puntos.

CGI SA: 0,2 puntos.

AL CONSULTORÍA SA: 0,3 puntos.

2.- No que se refire á parte de pagos telemáticos, oficinas virtuais, tramitación electrónica, todos os licitadores ofertan a posibilidade de traballar a medio de expedientes electrónicos, así como sinatura dixital. Igualmente, os tres ofertan unha Oficina Virtual Tributaria a través da cal os terceiros poden acceder á súa información tributaria, expedientes, realizar trámites tributarios, etc. Polo que respecta ás posibilidades de realizar pagos telemáticos, considérase que a mellor oferta é a de GTT SAU, xa que ofrece a posibilidade de pago a través da pasarela de red.es (tamén ofertada por AL CONSULTORÍA SA, aínda que o que ofertan é a colaboración para a súa integración, a diferenza de GTT SAU cuxo sistema xa se atopa integrado en red.es), pasarela de pago con diferentes entidades bancarias (tamén ofertada por CGI SA unha vez o Concello dispoña de acordos coas entidades, e por AL CONSULTORÍA SA sen máis especificacións), TPV virtual (ofertada tamén por AL CONSULTORÍA SA), enlace web, e app en dispositivo móbil (ofertada tamén por AL CONSULTORÍA SA), e caixeiro sito nas oficinas (ofertado tamén por AL CONSULTORÍA SA). Polo tanto, outórganse os seguintes puntos:

GTT SAU: 0,5 puntos.

CGI SA: 0,1 puntos.

AL CONSULTORÍA SA: 0,4 puntos.



CSV: qRI57sRPV4qNaokSmfhZBQ==
PAXINA: 6 / 26
SINATURAS
DATAS(UTC)
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL - SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO 15/11/2018 11:41:37
XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION 15/11/2018 11:41:37

3.- Respecto ao uso da lingua vehicular, tanto GTT SAU como AL CONSULTORÍA SA ofertan documentación bilingüe, igual que atención presencial bilingüe (esixindo nivel mínimo CELGA4 AL CONSULTORÍA SA). Ambas ofertan tamén traducción a outros idiomas cooficiais do Estado, e GTT SAU a inglés. Igualmente, GTT SAU oferta a posibilidade de elección de idioma na OVT. AL CONSULTORÍA SA oferta a maiores persoal con cursos de galego administrativo. CGI SA non especifica ningunha mellora relativa á lingua vehicular. Polo tanto, outórganse os seguintes puntos:

GTT SAU: 0,5 puntos.

CGI SA: 0,0 puntos.

AL CONSULTORÍA SA: 0,4 puntos.

4.- En canto á atención a terceiros, os tres licitadores ofertan atención presencial e telefónica, GTT SAU e AL CONSULTORÍA SL ofertan posibilidade de cita previa, e tanto CGI SA como AL CONSULTORÍA SL ofertan un xestor de colas. GTT SAU e AL CONSULTORÍA SL ofrecen un quiosco/caixeiro no que realizar trámites tributarios, pagos telemáticos… A maiores GTT SAU e AL CONSULTORÍA SA dispoñen das Certificacións ISO 9001:2015, 14001:2015 e 27001:2013. Finalmente, GTT SAU oferta Wifi gratuita nas súas oficinas para os contribuíntes.

Polo tanto, outórganse os seguintes puntos:

GTT SAU: 0,5 puntos.

CGI SA: 0,3 puntos.

AL CONSULTORÍA SA: 0,4 puntos.

5.- Finalmente, polo que se refire a solucións informáticas, GTT SAU oferta un visor do foto vermello, CGI SA oferta a cesión das ferramentas de CGI integradas no software TAO de T-Systems (que é o software que ten o Concello para a xestión de ingresos), e a ampliación da plataforma informática do Concello mediante a adquisición dun servidor de aplicacións, equipos de conectividade, e ampliación de disco para a xestión documental, xa que ao dispoñer o Concello do software de xestión de ingresos, a aplicación a usar para a xestión da recadación executiva vai usar a base de datos que o Concello ten nos seus servidores. AL CONSULTORÍA SA oferta a app móbil Mis Tributos, así como ferramentas de Business intelligence.

Polo tanto, outórganse os seguintes puntos:

GTT SAU: 0,3 puntos.

CGI SA: 0,5 puntos.

AL CONSULTORÍA SA: 0,2 puntos.

O total de puntos de cada un dos licitadores neste apartado é o seguinte:

GTT SAU: 2,3 puntos.

CGI SA: 1,1 puntos.

AL CONSULTORÍA SA: 1,7 puntos.

**QUINTO.-** De acordo coas ofertas presentadas, a valoración para o segundo grupo de melloras (calquera outra medida que incida directamente na prestación ou na xestión dos servizos obxecto da contratación) efectúase considerando igualmente cinco áreas e asignando a cada unha delas 0,5 puntos do total de 2,5 deste epígrafe: multas e app de multas, cesión de licenzas de software, interoperabilidade, sistemas de toma de decisións, e outros.

1.- En relación ao primeiro grupo, relacionado coa xestión de multas e os dispositivos móbiles e app de multas, resulta de especial trascendencia o informe emitido polo Xefe da Policía Local con data 25 de maio de 2018. En dito informe recóllese o resultado da demostración efectuada polos tres



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: qRI57sRPV4qNaokSmfhZBQ==
PAXINA: 7 / 26
SINATURAS
DATAS(UTC)
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL - SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO 15/11/2018 11:41:37
XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION 15/11/2018 11:41:37

licitadores, indicándose que tanto GTT SAU como AL CONSULTORÍA SA acreditan o cumprimento dos requisitos esixidos no prego, mentres que respecto a CGI SA indícase o seguinte:

*“(…) En fecha 23 del mismo mes se lleva a cabo la demostración de la empresa CGI, la cual, a juicio de los arriba citados, no consigue acreditar el cumplimiento de los requisitos exigidos como por ejemplo el funcionamiento “off line” de la aplilcación, además de observar una falta de conocimientos sobre algunos aspectos básicos que se entienen fundamentales para el correcto funcionamiento del servicio, tal como la existencia de la denuncia voluntaria en materia de tráfico, el contenido preceptivo de la misma y su posterior tramitación; por todo lo cual no procede realizar una valoración positiva sobre la misma (…)”.*

Respecto aos dispositivos ofertados, e a demostración efectuada, o informe recolle o seguinte:

*“(…) En lo referente a la empresa GTT, realiza una demostración completa, durante la cual se observa que los medios materiales y operativa se adaptan a las necesidades de funcionamiento reales de este Ayuntamiento, valorando de forma especialmente positiva el reconocimiento de matrícula a través de fotografía, posibilidad de adjuntar hasta cinco imágenes al expediente, introducción del lugar de la infracción mediante geolocalización y cumplimentación de datos por voz, posibilidad de pago de la sanción mediante tarjeta, búsqueda del precepto de la infracción mediante sistema de árbol desplegable, por artículo o por palabra, etc…; además de mostrarse receptivos a la realización de cualquier modificación propuesta por esta administración para adaptar la aplicación a las necesidades del momento.*

*En cuanto a la mercantil AL, también lleva a cabo una demostración completa, durante la cual se observa un funcionamiento con todas las posibilidades expuestas en el punto anterior (excepto la introducción de datos mediante voz). Además oferta la grabación de denuncias de competencia estatal (DGT), la posibilidad de adjuntar imágenes sin más limitación que la capacidad de la memoria; contacto directo mediante pulsación de una sola tecla del disposibito, con un servicio de consulta, disponible de 8 a 20 horas de lunes a viernes y opción de pago de la sanción tanto con tarjeta como en metálico.*

*También se tiene en cuenta de forma especialmente positiva la oferta de mejoras realizada por AL, que se concretan en diez dispositivos a mayores; sistema Mcam con cinco terminales; Gesinf para tratamiento de datos obtenidos en sistemas como cinemómetros, foto-rojo, etc…; Segvial, como página web informativa a disposición del administrado y un etilómetro.*

*En cuanto a la empresa GTT, destacar que ofrece como mejoras wifi gratuíta para los ciudadanos en la oficina de atención al público, para poder acceder a la oficina virtual a través de la web corporativa; visualizador en la página web del ayuntamiento de las imágenes captadas mediante el sistema foto-rojo; identificación de los conductores infractores a través de la oficina virtual y el coste de revisión de los sistemas metrológicos de los radares (…)”.*

Polo tanto, outórganse os seguintes puntos:

GTT SAU: 0,5 puntos.

CGI SA: 0,0 puntos.

AL CONSULTORÍA SA: 0,5 puntos.

2.- Respecto á <u>cesión de licenzas de software</u>, GTT SAU oferta a cesión da licenza de uso del SIT-gtt á finalización do contrato se o Concello optara por internalizar os servizos; CGI SA oferta a cesión das licenzas dos módulos TAO de T-Systems que o Concello non dispoña e sexan precisos para a prestación do servizo á finalización do contrato, así como dos módulos de Multas e PDA Multas TAO de T-Systems.

Polo tanto, outórganse os seguintes puntos:

GTT SAU: 0,4 puntos.

CGI SA: 0,5 puntos.



CSV: qRI57sRPV4qNaokSmfhZBQ==
PAXINA: 8 / 26
SINATURAS
DATAS(UTC)
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL - SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO 15/11/2018 11:41:37
XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION 15/11/2018 11:41:37

AL CONSULTORÍA SA: 0,0 puntos.

3.- Polo que se refire á integración e interoperabilidade con outros sistemas de información doutras Administracións Públicas, GTT SAU oferta a integración do seu sistema de información cos sistemas máis importantes en canto a xestión e recadación de tributos locais (DGT, ANCERT, DGC, AEAT, SEPE, INSS, TXSS, INE, RME, CORREOS, TEU, e TESTRA; en proxecto interoperabilidade con PORT@FIRMA, DATOS, APODERA, NOTARÍA, REPRESENTA, HABILIT@, ARCHIVE, NOTIFICA, DEH); CGI SA oferta integración co sistema de información da DGT, AEAT, e Seguridade Social.

Polo tanto, outórganse os seguintes puntos:

GTT SAU: 0,5 puntos.

CGI SA: 0,3 puntos.

AL CONSULTORÍA SA: 0,0 puntos.

4.- En canto aos sistemas de toma de decisións, GTT SAU oferta un cadro de mandos para dispositivos móbiles, así como unha ferramenta de Business Intelligence; CGI SA oferta a cesión do modelo de indicadores e cadro de mando á finalización do contrato; e AL CONSULTORÍA SA oferta a ferramenta de Business Intelligence.

Polo tanto, outórganse os seguintes puntos:

GTT SAU: 0,5 puntos.

CGI SA: 0,4 puntos.

AL CONSULTORÍA SA: 0,4 puntos.

5.- Finalmente, en canto a outras melloras ofertadas, GTT SAU oferta uns servizos centrais de apoio, un director de proxecto, unha campaña de depuración e regularización catastral en tanto non se contrate a colaboración na xestión catastral polo Concello, e o patrocinio de xornadas formativas; CGI SA oferta a comunicación vía SMS, a xestión de colas e o máis destacado é a non necesidade de traspasos de información ao traballar no sistema de información do que xa dispón o Concello. De todas elas, a máis interesante para o Concello é esta última.

Polo tanto, outórganse os seguintes puntos:

GTT SAU: 0,3 puntos.

CGI SA: 0,5 puntos.

AL CONSULTORÍA SA: 0,0 puntos.

O total de puntos de cada un dos licitadores neste apartado é o seguinte:

GTT SAU: 2,2 puntos.

CGI SA: 1,7 puntos.

AL CONSULTORÍA SA: 0,9 puntos.

**SEXTO.-** O apartado 12.2.4 do prego outorga ata 2 puntos polo seguinte:

**12.2.4.- Pola redacción dunha memoria documento. Ata 2 puntos.**

Á vista das memorias redatadas polos licitadores, e en base aos aspectos enumerados no apartado, efectúase a seguinte valoración:

1.- Traballos realizados noutros concellos de análogas características nos últimos catro anos, indicando a porcentaxe de recadación e as actuacións concretas levadas a cabo:

GTT SAU acredita traballos realizado nos Concellos de Murcia e Santander como de análogas características ao de Lugo, ademáis do propio Concello de Lugo, con porcentaxes de xestión de cobro



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: qRI57sRPV4qNaokSmfhZBQ==
PAXINA: 9 / 26
SINATURAS
DATAS(UTC)
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL - SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO 15/11/2018 11:41:37
XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION 15/11/2018 11:41:37

de pendente de executiva superiores ao 85% na maioría dos impostos e taxas (algo menos no Concello de Lugo). Igualmente, especifica as actuacións concretas levadas a cabo para a consecución de ditos obxectivos (procesos masivos, procesos selectivos por contribuínte e por procedemento, seguimento e control da prescrición, xestión completa, e realización de subastas e venda por xestión directa…).

CGI SA non recolle na memoria ningún traballo realizado en outros Concellos nos últimos catro anos.

AL CONSULTORÍA SA presenta traballos realizados no Concello de Arbolea e para o Gobierno de La Rioja na recadación executiva, especificando as porcentaxes de recadación en período voluntario e en período executivo, determinando unhas porcentaxes de pendente de cobro entre o 5% e o 20% segundo os distintos tributos. Igualmente, acredita traballos en relación á xestión de multas nos Concellos de Guadarrama, Villaviciosa de Odón, Las Rozas, Alpedrete e na Deputación Provincial de Cádiz. Non consta mención a actuacións concretas.

2.- <u>Estrutura organizativa, tarefas encomendadas a cada traballador, coordinación, obtención de datos, actuacións…</u>

GTT SAU propón un servizo de atención presencial, un servizo propio de notificadores, un servizo de atención telefónica e un servizo de atención vía internet a través da OVT. A maiores, conta cunha estrutura organizativa de apoio a través dos seus servizos centrais.

A estrutura do servizo propio para o Concello de Lugo parte de dous técnicos de recadación executiva e procedemento sancionador de tráfico, 6 traballadores para tarefas administrativas, e 3 notificadores propios. Un terceiro técnico ostentará a categoría de Delegado Responsable.

Identifícase de forma clara o reparto de tarefas entre os traballadores, considerándose un reparto axustado ás necesidades do Concello de Lugo

Respecto á coordinación, especifícanse o sistema para a efectiva coordinación entre as distintas tarefas encomendadas aos traballadores, así como co Concello de Lugo. Recóllese de forma moi detallada as actuacións dos distintos procedementos executivos e do procedemento sancionador.

CGI SA propón un servizo de atención presencial, así como un servizo de atención telefónica e telemática. Igualmente, conta cunha estrutura organizativa de apoio a través de servizos centrais.

Presenta unha estrutura do servizo no que se diferencia un área dedicada á executiva e outra á xestión de multas. Na mesma partirase de tres técnicos (un xerente, un técnico nos procedementos de apremio, e outro nos de tramitación de multas), e seis administrativos (tres no servizo de atención e notificacións, comúns ás dúas áreas, un nos procedementos de tramitación de multas, e dous nos procedementos de apremio).

Enuméranse as tarefas correspondentes a cada área.

Respecto á coordinación, establécense dous niveis, un de decisión e coordinación concretado nunha Comisión de Seguimento integrada por políticos, funcionarios de alto nivel, e máximos responsables do proxecto de CGI SA, e outro de execución, integrado baixo unha Comisión Operativa polos profesionais das distintas áreas técnicas. Compleméntase con reunións internas, informes de control e seguimento…

AL CONSULTORÍA SA propón unha estrutura organizativa en dúas Áreas, ambas baixo a dirección dun delegado responsable (coincidente cun dos técnicos da Área de Recadación Executiva): a Área de Recadación Executiva (dividida na de execución masiva e a de xestión activa) e a Área de Xestión e Recadación de Multas de Tráfico. Na Área de Recadación Executiva, habería dous técnicos, un ao frente de cada subárea, e na de execución masiva dous administrativos, e na de xestión activa un. Na Área de Xestión e Recadación de Multas de Tráfico habería un técnico e un auxiliar administrativo.

A maiores habería tamén un centro de atención ao usuario prestado desde os seus servizos centrais.

Especifícanse de forma detallada as tarefas e actuacións a levar a cabo coa súa periodicidade.



CSV: qRI57sRPV4qNaokSmfhZBQ==
PAXINA: 10 / 26
SINATURAS
DATAS(UTC)
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL - SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO 15/11/2018 11:41:37
XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION 15/11/2018 11:41:37

Respecto á coordinación, proponse un sistema de reunións internas no servizo e cos responsables do Concello, listas de distribución de correo…

Recóllese igualmente de forma moi detallada as actuacións dos distintos procedementos executivos e do procedemento sancionador.

Á vista do exposto, procede efectuar as seguintes consideracións:

- En canto aos traballos realizados, CGI SA non acredita traballos en Concellos de análogas caracterísitas nos últimos catro anos, mentres que tanto GTT SAU como AL CONSULTORÍA SA sí, con características similares en canto á recadación executiva, e nun maior número por parte de AL CONSULTORÍA SA na xestión de multas. Por outro lado, GTT SAU especifica as actuacións seguidas para obter os resultados que se sinalan e parece ter unha porcentaxe maior de eficacia.

- Respecto á estrutura organizativa, tarefas encomendadas a cada traballador, coordinación, obtención de datos e actuacións, CGI SA e AL CONSULTORÍA SA propoñen unha estrutura diferenciada para a executiva e para as multas, así como unha sección de atención ao contribuínte. GTT SAU propón unha estrutura menos diferenciada, adxuntando un cadro no que se especifica cada tarefa e a responsabilidade que ten cada traballador na mesma. O número de traballadores asignado coincide nos tres casos co establecido no prego, facendo uso da posibilidade establecida na cláusula novena de que o delegado responsable poida ser un dos tres técnicos esixidos GTT SAU e AL CONSULTORÍA SA. O sistema de coordinación é similar nas tres memorias, consistente básicamente en reunións periódicas cos responsables do Concello e cos traballadores da oficina, aínda que AL CONSULTORÍA SA establece un sistema máis complexo que as outras dúas.

O reparto de tarefas que efectúan os tres licitadores é axeitado e permite a identificación e responsabilidades do traballo a desenvolver por cada traballador, así como os expedientes asignados. GTT SAU realiza unha distribución detallada e precisa en canto aos roles a desenvolver por cada traballador, e AL CONSULTORÍA SA tamén presenta un cadro detallado coa periodicidade de cada tarefa a realizar e o departamento responsable.

A experiencia dos técnicos é maior na oferta presentada por GTT SAU, cinguíndose ao mínimo esixido no prego AL CONSULTORÍA SA e CGI SA. GTT SAU achega curriculum vitae do Delegado responsable.

Os tres licitadores ofertan tamén dentro da estrutura organizativa un director de proxecto e o apoio dos servizos centrais

- Finalmente, respecto á sistematización, claridade e encomenda específica no seguimento das prescricións, tanto GTT SAU como AL CONSULTORÍA SA recollen de forma teórica e detallada as distintas actuacións a realizar en cada un dos procedementos do servizo a prestar. CGI SA recólleo de forma máis escueta. As memorias de GTT SAU e AL CONSULTORÍA SA son máis sistemáticas, mentres que a de CGI SA resulta menos ordenada; en canto á claridade das mesmas, as de GTT SAU e AL CONSULTORÍA SA resultan máis concretas e detalladas, mentres que a de CGI SA da menos información e esta resulta de máis difícil comprensión.

En relación á encomenda específica no seguimento das prescricións, AL CONSULTORÍA SA enumera unha serie de tarefas a realizar na xestión de apoio e colaboración á función recadatoria en período executivo, todas as cales, enténdense tendentes a evitar a prescrición. GTT SAU, pola súa parte, indica os diversos indicadores de control e alertas da aplicación para evitar a prescrición, ademáis dunha ferramenta específica de “Seguimento da prescrición”, tendo como obxectivo a “prescrición cero”, tanto en período executivo como en procedemento sancionador. CGI SA non especifica medidas concretas para o seguimento da prescrición.

Polo tanto, e polo que respecta á Memoria-Documento, as puntuacións a asignar son as seguintes:

· GTT SAU: 2 puntos.

· CGI SA: 0,5 puntos.



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: qRI57sRPV4qNaokSmfhZBQ== PAXINA: 11 / 26
SINATURAS DATAS(UTC)
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL - SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO 15/11/2018 11:41:37
XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION 15/11/2018 11:41:37

· AL CONSULTORÍA SA: 1,7 puntos.

**SÉTIMO.-** Polo tanto, as puntuacións totais a outorgar na valoración dos criterios non avaliables económicamente son as seguintes:

| **12.2.3** | **GTT SAU** | **CGI SA** | **ALC SA** |
|---|---|---|---|
| **COMUNICACIÓN** | 0,5 | 0,2 | 0,3 |
| **TELEMÁTICA** | 0,5 | 0,1 | 0,4 |
| **LINGUA VEHICULAR** | 0,5 | 0 | 0,4 |
| **ATENCIÓN AO CONTRIBUÍNTE** | 0,5 | 0,3 | 0,4 |
| **SOLUCIÓNS INFORMÁTICAS** | 0,3 | 0,5 | 0,2 |
| **TOTAL** | **2,3** | **1,1** | **1,7** |
| **12.2.4** | | | |
| **MULTAS** | 0,5 | 0 | 0,5 |
| **LICENZAS SOFTWARE** | 0,4 | 0,5 | 0 |
| **INTEROPERABILIDADE** | 0,5 | 0,3 | 0 |
| **TOMA DECISIÓNS** | 0,5 | 0,4 | 0,4 |
| **OUTROS** | 0,3 | 0,5 | 0 |
| **TOTAL** | **2,2** | **1,7** | **0,9** |
| **TOTAL 12.2** | **4,5** | **2,8** | **2,6** |
| **12.3** | **GTT SAU** | **CGI SA** | **ALC SA** |
| **TOTAL 12.3** | **2** | **0,5** | **1,7** |
| **TOTAL CRIT. NON AVAL. ECON.** | **6,5** | **3,3** | **4,3** |

Non obstante a Mesa de Contratación decidirá o que estime máis conveniente ó interés público e ás necesidades muncipais do servizo.**”.**

“**<u>INFORME CONXUNTO DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN E O SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO</u>**

